



Vista da Torre desde a Praza Maior.

Resumo do estudo arqueolóxico para o PERI de Vilanova realizado polo arqueólogo Luis Orero Grandal baixo a dirección de José González Cebrián.
As fotos pertencen á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico do Entorno do Mosteiro de S. Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes.

ESTUDO ARQUEOLÓXICO DE VILANOVA DOS INFANTES

O ENCLAVE FÍSICO

O conxunto urbano de Vilanova dos Infantes sitúase sobre un promontorio avanzado ao pé das elevacións próximas da Serra de San Marcos, Castromao e Ermide, dominando visualmente unha ampla extensión territorial en torna á próxima veiga do río Arnoia, có conseguinte control sobre un dos pasos históricos que franqueaban o seu leito.

Vilanova, da que xa existen referencias documentadas nas crónicas a partires do S. XI, adquirirá dimensión urbana previamente ao desenrolo de Celanova, como enclave fortificados de gran valor militar durante as guerras fronteirizas.

O núcleo urbano esta fortemente condicionado pola propia orografía da elevación onde se asenta, así como polo trazado da muralla defensiva, que encerra un recinto oval seguindo a propia disposición do terreo. O casarío agruparase tanto no interior do perímetro fortificado como, posteriormente, agrupándose á propia muralla e configurando novos barrios exteriores, seguindo un

patrón concéntrico a partires da cota máis alta do lugar, onde se alza aínda a Torre da Homenaxe como único vestixio do castelo alí situado.

A disposición do burgo amurallado medieval, aínda recoñecíbel en boa parte do seu perímetro, tanto na planimetría actual como polos fragmentos visíbeis do lenzo da cerca, adopta unha configuración característica das fundacións defensivas da época, segundo unha planta ovalada na que se agrupan en torno ao castelo, situado en posición dominante, as distintas vivendas, formando un tecido orgánico de forma concéntrica na que se organizan os itinerarios principais a partires dos accesos exteriores ás portas de entrada.

Deste modo, a partires dunha estrutura concéntrica fortemente integrada nas irregularidades do solo sobre o que se asenta, o núcleo urbano expándese seguindo un esquema radial a partires do seu extremo sur, poñéndose en contacto con distintos elementos articuladores do seu entorno territorial (igreja e cemiterio, antiga vía romana que cruza o Arnoia por Ponte Freixo, camiño cara Castromao e camiño a Celanova).

Sobre este ámbito abríranse os espazos públicos máis significativos do conxunto urbano (Praza Maior, Praza do Recreo), probabelmente, ao igual que en moitas outras vilas medievais, como consecuencia da configuración de distintos lugares de mercado sobre as entradas á fortificación, en cuxa estrutura interna non tería cabida polo forte nivel de consolidación xa alcanzado.

ANÁLISE HISTÓRICA

a. As orixes

As evidencias dos poboamentos máis antigos en zonas próximas ao asentamento do Burgo Medieval de Vilanova son xacementos arqueolóxicos cun marcado carácter funerario, as chamadas *mámoas* ou túmulos, situados en Amoroce, a uns dous quilómetros en liña recta do lugar en dirección suroeste. Estes monumentos funerarios están asociados ao período Megalítico do Noroeste. Tanto polo seu estado de conservación como pola carencia de estudos máis aló da simple prospección arqueolóxica, é difícil concretar unha época dentro do Megalítico (Inicial, Medio ou Final), que abarcaría unha ampla cronoloxía cun apoxeo no III milenio a.C.

Pertencente ao último período da Idade do Bronce ou Bronce Final, practicamente enlazando cos inicios do período seguinte, xa se detecta en Castromao a presenza dunha ocupación propia da Idade de Ferro. Este tipo de ocupacións aséntanse na cima de elevacións e, polo tanto, teñen unha máis fácil defensa. Son os chamados *castros*.

Hai varios asentamentos castrexos próximos (Mourillós, Sampil,...), pero de entre todos destaca o de Castromao, a un quilómetro e medio en liña recta ao oeste. Este xacemento castrexo-romano (ten un período ocupacional que podería ir dende o século VII a.C. até o século II d.C.) ocupa toda a parte superior dun monte dominante cuxa cima está a 732 m. de altitude. Protéxese, unha extensión de case vinte mil metros cadrados, por unha muralla que ten unha lonxitude aproximada de 490 m., sendo ou seu eixo máis longo duns 175 m. en sentido este-oeste. Estudos recentes permitiron detectar a ocupación de gran parte das zonas baixas que rodean ao monte onde se empra o asentamento castrexo-romano, que podería abarcar o século II e comezos do III d.C., xa nunha fase de plena romanización.

Nos traballos arqueolóxicos realizados no recinto, ademais de se poñer ao descuberto case un centenar de estruturas (entre vivendas, con ou sen vestíbulo, e almacéns) asentadas en diferentes plataformas cinguidas todas elas por unha muralla, atopáronse unha inxente cantidade de materiais de gran importancia arqueolóxica entre os que destaca pola súa especial significación, unha placa de bronce, *tabula hospitalis*, con texto en latín, polo que os habitantes da zona, os *Coelerni*, establecen un pacto de hospitalidade cun alto mando militar romano.

Polas inmediacións de Castromao pasaba unha vía romana que atravesaría gran parte do actual municipio, secundaria da vía XVIII do *Itinerario de Antonino* que enlazaba as actuais Braga (*Bracara*) e Astorga (*Asturica*). Boa mostra de elo é a ponte romana de Freixo, que cruza o río Arnoia no límite municipal, así como varios restos epigráficos recuperados (miliarios e aras). Esta vía romana procedente de Portugal, moi posibelmente mantivera a súa vixencia como ruta de tránsito cara Ribadavia na Idade Media (tal vez como itinerario de peregrinación), o que incidiría no maior desenrolo do burgo medieval, por onde tamén pasaba unha ruta cara Ourense.

Inmediatamente por debaixo da zona onde se asenta este xacemento castrexo-romano, ao nordeste, sitúase Vilanova. Aquí tamén se detecta a presenza de restos romanos, como é o caso da *ara votiva*, que na actualidade forma parte da parede dun edificio situado na Praza Maior, dedicada aos *Lares Gumalaecos*.

As primeiras referencias históricas ao lugar datan das crónicas do ano 927, vinculándose á figura de S. Rosendo, usándose (posteriormente e a nivel histórico) o Vilanova *das Infantas*, en clara referencia á nai e irmá do santo. Popularmente cambiouse por *dos Infantes*, topónimo polo que se recoñece actualmente.

Por aquel entón, este burgo medieval gozaba de maior entidade que a actual vila, e a súa orixe moi posibelmente se debora á construción dun empraamento defensivo, magnificamente situado, encargado de controlar tanto unhas terras como unhas rutas de marcado fin estratéxico. Era un lugar de residencia do conde Gutierre Méndez e a súa esposa Ilduara, pais de San Rosendo, aos que o rei Sancho Ordóñez doara nese ano 927 segundo consta en documentos históricos, a vila de Vilar, onde o

Dúas vistas desde a Torre, durante e ó remate dos traballos de rehabilitación dunha vivenda por baixo da muralla. Valla de peche e protección ó oeste do "Patio de Armas do Castelo". No solo, pedras en resalte, márcase o percorrido da muralla que pecharía ese Patio tanto pola cara sur como pola oeste



futuro abade edificaría un templo e cenobio cuxa puxanza daría lugar ao núcleo urbano de Celanova.

Por eses anos, Ilduara, nai de San Rosendo, fundou e construíu un mosteiro feminino dedicado a Santa María, segundo parece, o mozárabe influíu na súa construción (non esquezamos a capela de San Miguel, fundada tamén por estas mesmas datas). Hoxe totalmente desaparecido (trasládouse a Allariz en 1270), uns autores sitúano no veciño lugar de Santa María, a uns catrocentos metros ao suroeste de Vilanova, mentres que outros queren empuzar a actual igrexa parroquial sobre os seus antigos restos. Sexa como fora, o certo é que nun edificio de Vilanova, inmediato á actual estrada nacional Ourense-Portugal, consérvase nunha parede, sobresaíndo dela, un modillón da cornixa dividindo en rolos decorados, semellante aos da Capela de San Miguel de Celanova. Hai outros dous no patio da casa reitoral. Ademais puidemos saber que algúns veciños afirman que o muro que pecha a Rúa da Igrexa pola súa cara norte, fronte por fronte á reitoral, esta feito coas pedras do antigo



mosteiro; de calquera maneira, o certo é que na súa maioría, trátase de bos e ben traballados sillares.

Da ocupación do Castelo señorial que presidía o asentamento só queda o vestixio da Torre de Homenaxe, en tanto que o trazado da muralla aínda se pode seguir na planimetría do núcleo e segundo un dos lenzos que se conserva entre o casarío.

Ademais do Castelo e a muralla, os accesos históricos ao núcleo tamén terán gran importancia na formación da súa estrutura interna e, sobre todo, das súas expansións. As entradas polo sur verificaríanse segundo a actual rúa da Barronca e seguindo a



Dúas vistas da Rúa da Igrexa, antes e durante os traballos para saneamento, abastecemento e colocación do novo pavimento



Permanece polo tanto o seu enorme valor estratéxico e militar, xa que Vilanova xogará un importante papel defensivo nas guerras fronteirizas que tiveron lugar no século XVI (a principios de século é motivo de disputas e preitos entre as casas de Lemos e Monterrei, sendo adxudicada a esta última) e durante o século XVII. Neste século constrúese a igrexa parroquial de San Salvador (ampliada a principios do século XVIII), fóra xa do recinto defensivo

antiga vía romana, enlazando o camiño a Castromao e a ruta entre Celanova e Ponte Freixo, en tanto que polo norte existiría un acceso segundo a actual rúa Tralacerca, cortada polos desmontes da nova estrada de Ourense.

ao igual que parte do novo casarío que se estende cara o sur e o oeste, o que nos falaría dun final da crise soportada por esta zona.

Durante o século XII, ao igual que o chamado Alcázar de Milmanda (actualmente tamén dentro do mesmo territorio municipal de Celanova), suponse que tería gran valor estratéxico e militar.

No século XVIII, xa algo afastado do burgo e ao sueste do mesmo, constrúese o Santuario do Cristal.

b- Séculos XV-XVIII

c. Séculos XIX e XX

Sábese que no ano 1467, no transcurso das *Revoltas Irmandiñas*, o castelo e a torre alí encravados foron gravemente danados, procedéndose posteriormente á súa reconstrución.

Ao longo do século XIX, Vilanova manterá unha certa funcionalidade como núcleo urbano respecto ao seu ámbito territorial dependente, papel no que irá perdendo peso paulatinamente en favor do próximo enclave de Celanova. Durante este século, as actividades da poboación vinculadas non só á agricultura, senón a distintos labores artesanais centradas na fabricación de calzado, sustentará a vitalidade de Vilanova como lugar de intenso

cambio comercial, tanto sobre as prazas do burgo como na feira mensual que se celebraba na paraxe do Cristal.

Madoz, na súa magnífica publicación de 1848 afirma: "...Aún conservando los restos de su ant.muralla, y existe un buen cast.donde están los graneros del Conde de Monterrey...".

A súa constitución como municipio independente en 1837, estrutura administrativa que manterá até a súa anexión por Celanova no ano 1927, coa instalación da casa consistorial na antiga Torre de Homenaxe, rehabilitándose ao efecto e dotándoa dunha escaleira exterior de acceso, reforzará a vixencia do asentamento como lugar central respecto ao medio rural dependente que incluía as parroquias de Castromao, Espinoso, Freixo, Penelas e Viveiro.

A variación do trazado da estrada de Ourense a Celanova, bordeando Vilanova polo este e parte do norte, coa conseguinte perda de funcionalidade do itinerario cara Ponte Freixo, incrementará a dependencia do asentamento respecto da veciña Celanova, finalizando coa anexión territorial ao seu propio termo municipal nas primeiras décadas do presente século, coincidindo coa época de maior auxe demográfico e urbano desa cidade.

○ Burgo Medieval de Vilanova manterá así inalterada a súa estrutura durante longo tempo, producíndose un considerábel abandono do seu caserío a partires dun proceso constante de despoboamento forzado pola emigración masiva da poboación da zona.

○ parque inmobiliario decrece pola ruína das edificacións existentes, en tanto que a nova edificación concéntrase na zona do Cristal, estando escasamente representada en substitucións ou renovacións dentro do núcleo. Ás aforas levantarase a escola unitaria, sobre o acceso da rúa da Barronca.

CONSIDERACIÓNS ARTÍSTICAS

○ elemento distintivo por natureza de Vilanova dos Infantes é a súa **Torre de Homenaxe**, case o único que se conserva en pé dun interesante e axitado pasado. Son os restos do castelo que se emprazaba nese lugar prominente e dominante, os que caracterizan a silueta do antigo burgo medieval.



Dúas vistas da Rúa da Igrexa, coa Praza Maior ó fondo, antes e ó remate dos traballos



A primitiva construción do século XII, arrasada polas Revoltas Irmandiñas, foi reconstruída posteriormente dando lugar a un novo enclave defensivo, sendo a Torre a súa única referencia. Trátase dun corpo de planta case cuadrangular, 9,30 por 9,95 metros, cunha altura conservada, até as ménsulas que servirían de apoio ao seu remate, de 19 metros. Á súa actual porta de acceso, que se encontra na cara este a uns 5 metros de altura, accédese por unha escaleira exterior que arranca na cara norte, e que parece ser unha construción engadida e xa construída cando no ano 1837 se instalou o consistorio municipal no seu interior (na lumieira da porta consérvase a data de 1825).



Rúa da Igrexa ó remate da colocación do novo pavimento.

algúns autores sobre restos do mosteiro feminino de Santa María, fundado por Ilduara) e ampliada no XVIII. Ten planta de cruz latina e unha interesante portada coroada por unha torre claramente barroca no seu tramo central. No seu interior consérvase un Cristo en madeira, tal vez procedente dese antigo mosteiro, que é

Sen lugar a dúbidas, pode afirmarse que a torre serviría de apoio a unha muralla, que enlazaba con ela nas caras este (hoxe tapada polo engadido de acceso) e oeste, como aínda se aprecia na actualidade. A súa porta norte é de arco apuntado, baixo a que hai catro ménsulas ao exterior, máis outras nas dúas esquinas a un nivel inferior, o que nos falaría dun acceso polo balcón e escadas de madeira ao paseo de ronda pola muralla.

A Torre foi declarada monumento nacional, actual B.I.C., en abril de 1949.

Ademais da Torre consérvase algún tramo de muralla pola parte baixa do emprazamento do castelo, actual rúa do Recreo e visíbel desde a rúa da Ronda, que pecharía e protexería o enclave medieval. Aínda que ten estruturas pegadas e superpostas, obsérvase que tería unha anchura de uns dous metros e medio, conservando en tramos, unha altura de cinco e medio. Tamén se pode ver no extremo máis ao norte, na rúa do Arrabaldo, onde dá unha curva para cambiar de sentido e inmediata ao San Vivían.

Esta muralla, un tramo, tamén se pode seguir dende a rúa Tralacerca, na cara este do núcleo, xa que se conserva dando a unhas hortas, e serve de asentamento a varias casas con voado sobre ela.

Outras construcións de interese artístico son a **Igrexa parroquial de San Salvador**, rodeada por un cemiterio, construída a principios de século XVII (segundo

unha das pezas máis singulares do románico galego. No cemiterio inmediato consérvanse dous interesantes cruceiros (un deles desprazado á nova ampliación).

Tamén destaca o **Santuario da Virxe do Cristal**, en clara referencia a unha diminuta imaxe da Virxe que está incrustada nun pequeno cristal alongado e redondeado, achada no século XVII. É unha construción claramente barroca, con planta de cruz latina. Destaca a súa airosa portada, realizada pola situación do templo, nun adro elevado, con frontón partido e nicho, torre central e corpos cilíndricos a ambos lados.

Nas súas inmediacións, alí se trasladou actualmente do seu anterior emprazamento pegado á estrada, hai un moi importante Peto de Ánimas, construído en 1785 segundo a data que se ve no seu frontón, sobre arco de medio punto e pilastras laterais. Forma unha pequena capela e está construído con bos sillares.

Hai outro sinxelo Peto de Ánimas na rúa da Igrexa, ao lado dun tamén sinxelo cruceiro cilíndrico, case sen adornos. Este Peto está formado por un rectángulo pétreo con rebaixe nos extremos, que remata en sinxela cornisa. No centro hai un nicho de medio punto con repisa na súa base. Está pechado por unha rexa de ferro moi ornamentada.

Inmediato ao paramento defensivo pero fóra del, onde a muralla está máis afastada do recinto principal na súa cara norte e antes de dar a curva de volta, hai en



Vista dende a Torre, da remodelada Praza do Balcón

medio da rúa do Arrabaldo unha especie de garita ou templete prismático, oco, con pequenas aberturas en cada unha das caras e con cuberta case piramidal, que ten a misión de servir de respiradoiro a unha gran adega escavada na rocha, situada debaixo da rúa e atravesándoa na súa totalidade. Pola súa traza, debe ser unha construción do século XVIII, ademais na súa cara norte pódese ler unha inscrición coa data de 1763. Denomínase San Vivián.

Ten ademais Vilanova unha serie de grandes edificios pacesgos, a maioría en bo estado de conservación, como pode ser o caso do situado entre a Praza Maior e a Praza do Recreo, con soportais, a Casa do Balcón, e outros situados na Praza do Recreo, Praza Maior, Rúa da Barronca, etc. Todo elo fálanos dun importante desenrolo construtivo ao longo dos séculos XVII e XVIII.

Non se deben esquecer o gran número de canastros ou cabaceiros que se encontran en todo o burgo, illados ou formando interesantes agrupacións, símbolo da importan-

cia do sistema de produción agrícola no desenrolo económico e como actividade principal do lugar. Tamén supón un magnífico referente da etnografía material do lugar.

Merece destaque a fonte-lavadeiro. Sen esquecer o palco da música emprazado na zona do Cristal, aínda que xa de construción máis recente, que é un indicio da importancia e arraigo que aquí ten a música popular, cunha Banda de Música que dende hai moitos anos é un dos orgullos de Vilanova.

CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

O artigo 33 da lei 8/1995 do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia di: *“Os bens de interese cultural gozarán da máxima protección e tutela e a súa utilización quedará subordinada a que non poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación”*. O Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Celanova do 26 de xuño de 1995, no seu título VII,



Camiño da Fonte ó remate dos traballos para o novo pavimento.

artigo 120, 2.3, establece as áreas de protección dos bens catalogados. Por todo elo, establécese unha área de protección de cen metros cando se trate de elementos arquitectónicos (mosteiros, igrexas, capelas, santuarios, cemiterios, pazos, castelos, pontes, fontes, etc). Se se trata dun conxunto, a área a protexer tomarase a partires dos elementos máis exteriores do conxunto, abarcando a súa totalidade. No momento da redacción deste estudo, só se teñen realizado dúas intervencións arqueolóxicas de importancia na torre e nas súas inmediacións, máis un control arqueolóxico nun edificio situado nun plano inferior pero dentro do que sería a liña de muralla.

A primeira das intervencións arqueolóxicas, catas de sondaxe, tivo lugar no ano 1992 e foi dirixida polo arqueólogo Eguileta Franco. Levouse a cabo tanto no interior da Torre como nas súas inmediacións e foi motivada pola restauración da citada torre.

Na súa cimentación interior localizáronse restos do antigo castelo que se correspondían cunha torre cuadrangular, exenta dos lenzos actuais que parecen reforzala e que pertencería ao destruído polos Irmandiños no ano 1467.

A altura conservada é de catro metros e medio. A posterior reconstrución faríase envolvendo os antigos restos e segundo o arqueólogo, estes enlazarían coa antiga muralla de fortificación que se observa na cara oeste.

Tamén se localizaron restos da muralla na esquina noroeste da plataforma superior onde está asentada a Torre. Ao mesmo tempo, ao este da Torre, localizouse a cara interior da muralla que, no seu momento, enlazaría ca torre interior descuberta.

No ano 1998 e dirixida polo arqueólogo Orero Grandal, tivo lugar a segunda das intervencións arqueolóxicas. Tratouse dun control previo das obras de rehabilitación da Torre e de dúas casas situadas na esquina da Rúa do Castelo, ao sur da Torre e nun nivel inferior, previas á instalación alí do "Centro de Exposición e Promoción de Recursos da Terra de Celanova". Durante estes traballos arqueolóxicos púidose localizar o primitivo trazado da muralla que asoma pola cara oeste da Torre até a esquina e o seu cambio de sentido cara o norte (deixouse unha referencia no pavimento reformado da praza). Pódese afirmar que o orixinario Patio de Armas do castelo estaba pechado por ese elemento defensivo na súa parte suroeste e oeste.

Estas intervencións arqueolóxicas, máis os restos que se conservan do lenzo da muralla, unidos á topografía do terreo e o trazado das construcións que conforman o núcleo medieval, permítenos localizar, coa lóxica marxe de erro, o antigo trazado tanto do recinto superior fortificado (ao que podemos chamar castelo e que ocuparía a plataforma máis elevada) como o conxunto defensivo, case circular, do que formaba parte. A elo habería que unir a muralla baixa que protexía un recinto moito maior e que se estendería baixo o superior en sentido nordeste, formando unha especie de U cuxa parte aberta enlazaría, ou se apoiaría, na superior defensa circular.

Este trazado tamén nos permite supor o lugar onde se abrirían os ocos de acceso ou portas e as rúas que recorrerían o burgo medieval de Vilanova, que non difiren dos actuais.

O control arqueolóxico dun edificio situado na zona baixa da Rúa da Vila, realizado tamén por Eguileta Franco, non ofreceu información algunha.

Dende a entrada en vigor do **Plan Especial de Protección e Reforma Interior** do *Burgo Medieval de Vilanova dos*

Vista da Praza
Maior.



Infantes (xuntamente có do *Entorno do Mosteiro de San Salvador de Celanova*) coa creación da correspondente Oficina Municipal no ano 2.003, divídese en zonas este Burgo Medieval. Serán: B.I.C., a propia Torre e o seu entorno inmediato, suxeitos a normas alleas ás do Plan Especial; Zona II de Protección Arqueolóxica, o propio Burgo Medieval así como a Igrexa parroquial e o cemiterio; e Zona O de Protección Arqueolóxica, núcleo urbano

por fóra do propio burgo medieval así como os terreos afectados polo Plan.

En base a todos estes graos de cautelas todos os traballos tanto de remocións de terras, como desmonte de paramentos que se veñen realizando nos derradeiros anos, son controlados de xeito arqueolóxico. Este control, até o momento, non aportou maiores novidades.

Reseña Bibliográfica

CASTILLO. A. del: *Inventario de la riqueza artística y monumental de Galicia*. Ed. de los Bibliófilos Gallegos. Santiago de Compostela, 1972.

CID RUMBAO. A.: *Celanova*. Concello de Celanova. ed. Vigo, 1994.

EGUILETA FRANCO. J. M^º.: «Sondeos Arqueolóxicos en la Torre de Vilanova (Celanova, Ourense) Memoria de la Intervención de Urgencia». in *GALLAECIA*. 14-15. pp. 511-555. Ed. do Castro. 1996.

FERREIRE PRIEGUE, E.: *Los Caminos Medievales de Galicia*. Bol. Auriense. Anexo 9. Ourense, 1988.

FERRO COUSELO. X.: *A vida e a fala dos devanceiros*. vol. 1. Vigo, 1967.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A.: «Vilanova dos Infantes: da estática do territorio ó patrimonio inmaterial», in *Patrimonio Cultural de Galicia e Norte da Portugal*. CLOAS. n^º 6. pp. 81-117. Ourense, 1997.

GARCÍA MAÑA. L.M.: *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense*. Bol. Auriense. Anexo 11. Ourense, 1988.

LÓPEZ CARREIRA, A.: *Os Irmandiños. Textos, documentos, bibliografía*. H^º. de Galicia. N^º 6. Ed. A Nosa Terra. Riotinto, 1991.

ORERO GRANDAL, L.: «Castromao». in *Galicia Castrexa e Romana*. Galicia Terra Única, pp. 100-103. Xunta de Galicia. 1997.

ídem.: «Memoria Técnica: Control Arqueolóxico en Vilanova dos Infantes (Celanova. Ourense). «Centro de Exposición e Promoción de Recursos da TERRA DE CELANOVA». Xuño-xullo de 1998». Depositada na Dirección de Patrimonio Cultural. Santiago, 1999.

PALLARES MÉNDEZ. M^º.C.: *Ilduara. una aristócrata del S. X*. Pub. SEG. Ed. do Castro. Sada, 1998.

RODRÍGUEZ COLMENERO. A.: *Galicia Meridional Romana*. Universidad de Deusto. Bilbao. 1977.

TABOADA CHIVITE, J.: *Los Castillos*. Ed. Cástrelos. Vigo, 1963. VV.AA.: «Voz: VILANOVA». *Gran Enciclopedia Gallega*. T. 30. pp 87. Silverio Cañada, Ed. Gijón, 1974.

VV.AA.: *Ordoño de Celanova. Vida y Milagros de San Rosendo*. Fund. Barrié de la Maza. A Coruña, 1990.

VV.AA.: *CELANOVA. Pedia e Poesía*. Concello de Celanova, 1994.

VV.AA. *Comarca da Terra de Celanova. Plan de Desenvolvemento Comarcal*. Xunta de Galicia. Santiago, 1997.